



## **BASES SORTEO “CAMPAÑA SAN VALENTIN 2025”.**

### **1.-OBXETO E PARTICIPACIÓN**

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA pon en marcha un sorteo dirixido a tódolos clientes que merquen e consumen nos establecementos asociados. Os participantes neste sorteo deben ser maiores de idade, sendo a súa participación gratuita e sen contraprestación algunha. O obxectivo fundamental da campaña é incrementar as vendas e incentivar o consumo no pequeno comercio retalista e hostalería de Ribeira.

### **2.-DURACION E ÁMBITO**

A promoción realizarase entre as compras e consumicións feitas desde o día 1 ó 14 de febreiro de 2025. A forma de participar será mercando e consumindo en calquer establecemento socio.

O sorteo realizarase o **luns 17 de febreiro ás 13:00h** no local da Asociación de Empresarios.

Esta mecánica pode ser modificada a criterio da Directiva a AER en calquer momento.

### **3.- DINÁMICA E FUNCIONAMENTO**

Nesta campaña poderán participar tódolos consumidores maiores de idade, que se rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado, e que realicen unha compra ou consumición por calquera importe nos establecementos participantes nesta campaña, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña. Isto é, do 1 ao 14 de febreiro de 2025.

Os consumidores participantes **deberán en todo caso conservar o ticket da compra ou consumición realizada, a fin de dispoñer dun xustificante.**

A forma de participar será a seguinte:

1- O consumidor/cliente poderá rexistrarse para participar nesta campaña na pestaña “Sorteos” na web da Asociación de Empresarios de Ribeira [www.empresariosriveria.com](http://www.empresariosriveria.com), efectuando o correspondente rexistro da compra ou consumición realizada, que lle dará dereito a unha participación no sorteo. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra/consumición realizada e o cliente ou consumidor. So poderán facer un rexistro por operación de compra/consumición, e cada operación rexistrada, equivale a unha participación. Cantas máis compras/consumicións fagan nos establecementos participantes, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

A realización do sorteo terá lugar de xeito telemático mediante un código programado que elixirá aleatoriamente aos agraciados de entre tódolos participantes, ata conseguir os gañadores dos premios.

O consumidor/cliente/usuario rexistrado na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciado cun premio, xa non poderá optar a ningún máis na mesma edición, podendo obter polo tanto **cada cliente/consumidor un único premio**.

Así mesmo, nesta campaña só poderá saír un premio por establecemento participante.

#### **4.-PREMIO**

Os premios serán dúas cenas para dúas persoas valoradas en 100€ cada unha para gastar nos establecementos de restauración socios. A data límite para gastar os premios será o 30 de abril de 2025.

#### **5.-ACEPTACIÓN**

A participación no sorteo conleva a expresa aceptación e sometimento ás Bases do mesmo, así como a autorización para publicar o nome dos gañadores e fotos na páxina web da AER, redes sociais, e medios de prensa escrita local, nacional e internacional sin que elo conleve compensación económica algunha a favor dos agraciados.

Non obstante ó anterior, os interesados poderán en calquera momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e no seu caso, cancelación, previstos na LO 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, mediante comunicación escrita, cos seus datos, dirixida a Asociación de Empresarios de Ribeira, Rosalía de Castro, 13 15960 Ribeira.

AER resérvase o dereito exclusivo de modificar, reemplazar, complementar e/ou rectificar as presentes bases, que serán publicadas.